

Prioridade 4. O.T 8. O.E. 4 a) e b) Articulo 60.1 y 63 FEMP  
Aplicación de EDLP. Proxectos financiados polos GALP (incluídos os custos de funcionamento e animación)  
Actuación cofinanciada polo FEMP nun 85%

## **INSTRUCCIÓN Nº 5: GASTOS DE FUNCIONAMENTO VINCULADOS AO TRABALLO EN REDE PARA PROMOVER A IGUALDADE ENTRE HOMES E MULLERES NO SECTOR PESQUEIRO NO MARCO DAS ESTRATEGIAS DE DESENVOLVEMENTO LOCAL PARTICIPATIVO DAS ZONAS PESQUEIRAS**

Segundo o considerando 13 do Regulamento (UE) nº 1303/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, do 17 de decembro de 2013, a Unión debe ter por obxectivo, en todas as fases de execución dos fondos europeos, eliminar as desigualdades e promover a igualdade entre homes e mulleres, e integrar a perspectiva de xénero, así como loitar contra a discriminación tal como se establece no artigo 2 do Tratado da Unión Europea (TUE), o artigo 10 do TFUE e o artigo 21 da Carta dos Dereitos Fundamentais da Unión Europea. Isto queda reflectido no artigo 7 do mencionado regulamento convertendo a promoción da igualdade entre homes e mulleres e a non discriminación nun principio horizontal dos fondos.

No mesmo senso, o considerando 8 do Regulamento (UE) nº 508/2014 do Parlamento e do Consello, de 15 de maio de 2014, relativo ao Fondo Europeo Marítimo e de Pesca, establece que en todas as fases de execución do FEMP, a Unión debe ter como obxectivo eliminar as desigualdades e promover a igualdade entre homes e mulleres, así como loitar contra toda discriminación por motivos de sexo, orixe racial ou étnico, relixión ou conviccións, discapacidade, idade ou orientación sexual.

O Programa Operativo de España para o FEMP (en diante P.O) aprobado por decisión de execución da Comisión de 13.11. 2015 C(2015) 8118 final, inclúe na análise DAFO e de necesidades das prioridades da UE:

- Como punto forte: a maior visibilidade das mulleres.
- Como oportunidade: aumento da presenza de mulleres no sector, e potenciar o papel das mulleres (na prioridade 4).
- Como ameazas: escaso incentivo ao relevo xeracional.

A estratexia do P.O contempla a necesidade de reforzar o papel das mulleres. Como necesidade específica en materia de creación de emprego estable e de calidade pretende potenciar o papel das mulleres e dos colectivos más desfavorecidos, e como necesidade específica en materia de emprego, medio ambiente, mitigación do cambio climático e adaptación ao mesmo e promoción da innovación, contempla promover medidas



Prioridade 4. O.T 8. O.E. 4 a) e b) Artículo 60.1 y 63 FEMP  
Aplicación de EDLP. Proxectos financiados polos GALP (incluídos os custos de funcionamento e animación)  
Actuación cofinanciada polo FEMP nun 85%

específicas para favorecer a inclusión das mulleres nas zonas dependentes da pesca e darlle visibilidade.

O apartado 5.1.1 do P.O describe a estratexia de desenvolvemento local participativo, á vista da análise DAFO e constatadas unha serie de necesidades. A estratexia contempla fomentar planeamentos innovadores para impulsar o crecemento e a creación de emprego, en especial aumentando o valor dos produtos da pesca e diversificando a economía local cara novas actividades económicas. Pretendese contribuír, en particular á creación de emprego e á cohesión territorial. Nesta estratexia xogan un papel fundamental os Grupos de acción local, que deberán levala a cabo.

A estratexia transversal para promover a igualdade entre homes e mulleres e a non discriminación, que figura no apartado 9.1 do P.O contempla adoptar medidas que permitan reforzar a toma de conciencia e incremento do interés das mulleres por asociarse, a nivel rexional e autonómico. Establece igualmente que se adoptarán aquellas medidas que permitan aumentar o liderazgo e participación das mulleres nas zonas pesqueiras.

As Estratexias de Desenvolvemento Local Participativo (EDLP) aprobadas aos Grupos de Acción Local do Sector Pesqueiro (GALP) galegos pola Consellería do Mar, pretenden contribuir á promoción da igualdade entre homes e mulleres e non discriminación.


No marco do convenio de colaboración asinado pola Consellería do Mar e os GALP recóllese na cláusula décimo quinta, letra i), os gastos de funcionamento correspondentes ao **traballo en rede**.

En relación co exposto, e como medida de acción positiva encamiñada a promover a igualdade, resulta necesario delimitar o ámbito de actividades e gastos elixibles baixo o **traballo en rede**.

Tendo en conta o establecido no punto 2 da cláusula vixésima segunda do convenio, asinado entre a Consellería do Mar e os GALP relativa á normativa aplicable á xestión e control dos fondos asignados aos GALP para a execución da EDLP, que habilita á Consellería do Mar para ditar regras complementarias e instruccions para precisar as funcións e obrigas do GALP e para facilitar a execución da EDLP, dítase a seguinte **INSTRUCCIÓN:**

## 1. Ámbito de aplicación:

Os GALP poderán xustificar gastos de funcionamento derivados da participación de persoas representantes de entidades vinculadas ao sector pesqueiro ou acuícola no seu



Prioridade 4. O.T 8. O.E. 4 a) e b) Articulo 60.1 y 63 FEMP  
Aplicación de EDLP. Proxectos financiados polos GALP (incluídos os custos de funcionamento e animación)  
Actuación cofinanciada polo FEMP nun 85%

territorio en actividades ou eventos directamente relacionados coa creación ou consolidación de redes de traballo de ámbito territorial ou suprateritorial orientadas a promover a igualdade entre homes e mulleres no sector pesqueiro, dos obxectivos do regulamento (EU) 508/2014 relativo ao FEMP, a estratexia e obxectivos específicos do P.O do FEMP e das EDLP.

A dita participación será, en todo caso, autorizada pola Xunta directiva do GALP, no marco de aplicación da correspondente EDLP e, como tal, ten a consideración de actividade desenvolvida polo grupo, con independencia de que a proposta poida ser inicialmente presentada pola entidade do territorio interesada en participar na Rede.

## 2. Fórmulas de desenvolvemento

En función da continuidade que teñan as actividades no tempo, diferéncianse dúas fórmulas para instrumentar o apoio á participación en redes de traballo. Así, no caso de accións que teñan continuidade no tempo empregarse á formula de convenio de colaboración segundo se establece no apartado a), mentres que para accións sen previsión de continuidade seguirase a formula establecida no apartado b).

### a) Convenio de colaboración

O convenio de colaboración entre o GALP e a entidade asociativa do sector, realizarse de acordo co modelo que figura no anexo I.

A entidade deberá presentar ante o GALP unha petición, de acordo co modelo que figura no anexo II.

### b) Accións non continuas

No caso de accións puntuais, sen previsión de continuidade nun período de tempo, a xustificación requirirá dun breve informe inicial no que se vinculen as persoas participantes como representante de organizacións sectoriais locais- coa rede de traballo de que se trate e, a esta, coa EDLP e/ou o FEMP.

O GALP pagará os gastos incorridos ás persoas participantes con cargo ao seus fondos de Funcionamento unha vez que aquelas presenten a documentación xustificativa. Posteriormente incluiráos na correspondente xustificación trimestral.





Prioridade 4. O.T 8. O.E. 4 a) e b) Articulo 60.1 y 63 FEMP  
Aplicación de EDLP. Proxectos financiados polos GALP (incluídos os custos de funcionamento e animación)  
Actuación cofinanciada polo FEMP nun 85%

## CONDICIÓN S A APLICAR NO CASO DE ACCIÓN S NON CONTINUAS

### 1º Condicións xerais e conceptos indemnizables:

As persoas designadas para participar nunha actividade ou evento de traballo en rede teñen dereito a seren indemnizadas, con cargo aos gastos de funcionamento do GALP, polos gastos derivados do seu desprazamento e participación, nas circunstancias, condicións e límites contidos nesta Instrucción.

A actividade deberá ser elixible. Para determinar este extremo deberá empregarse o test de verificación que se recolle no Anexo III.

Con carácter xeral indemnizarase a participación de dúas persoas por actividade ou evento da rede de traballo de que se trate. As excepcións deberán razoarse no informe xustificativo antedito.

O GALP comunicará cunha semana de antelación á Dirección Xeral de Desenvolvemento pesqueiro a actividade ou evento e as persoas designadas polo GALP para participar. Este prazo pode reducirse no caso de que o coñecemento da celebración da actividade ou evento fose nun prazo inferior sempre que se xustifique adequadamente.

A xustificación dos gastos xerados deberá practicarse nunha folla de gastos, asinada pola persoa participante e pola persoa xerente do GALP, achegando as facturas ou recibos orixinais que xustifiquen o gasto e a consecuente a percepción da indemnización que corresponda.


#### Son conceptos indemnizables:

##### 1. Realización de viaxes:

O medio de transporte será determinado pola presidencia do GALP, en función das posibilidades existentes, da racionalidade, do tempo de desprazamento e do uso máis eficiente dos fondos públicos. Como norma xeral, utilizaranse o trasporte público, as liñas regulares e a clase turista. Noutros casos deberá xustificarse cun informe razoado da xerencia do GALP. Indemnizarase:

- 1.1. O gasto realizado no(s) billete(s) do medio de transporte principal utilizado.
- 1.2. O gastos de taxi ata ou dende as estacións de ferrocarril, autobuses, portos e aeroportos, sempre que se presenten como xustificantes as facturas correspondentes.





Prioridade 4. O.T 8. O.E. 4 a) e b) Articulo 60.1 y 63 FEMP  
Aplicación de EDLP. Proxectos financiados polos GALP (incluídos os custos de funcionamento e animación)  
Actuación cofinanciada polo FEMP nun 85%

- 1.3. Os gastos polo uso de garaxes no hotel de residencia durante os desprazamentos, ou de aparcamento públicos, así como os gastos de peaxe de autoestradas, sempre que ditos gastos teñan a correspondente xustificación documental.
2. O gasto de desprazamento en **vehículo particular** desde o lugar de residencia ao lugar de celebración do evento. Por este concepto aboarase a razón de 0,19€ por quilómetro percorrido ou a contía establecida como excluída de gravame polo Regulamento do IRPF en vigor.

#### **2º H ospedaxe:**

Son indemnizables os gastos de **hotel**, coa presentación da correspondente factura. As contías limitaranse ás previstas para o persoal con destino na Administración Autonómica de Galicia para o Grupo 2º.

Na participación en eventos no estranxeiro percibiránse os gastos de hotel facturados dentro do límite das indemnizacións correspondentes ao Grupo 2º de empregados públicos que teña establecidas a Administración central para estes supostos.

Só serán elixibles os gastos incorridos nos días de hospedaxe que se correspondan cos de celebración do evento, así como nos días estritamente necesarios para o desprazamento.

#### **3º Manutención:**

Non se aboarán asignacións de axuda de custo a tanto alzado ou “gastos por día”.


Serán indemnizables os gastos de manutención **efectivamente realizados durante e como consecuencia do desprazamento**. En tódolos casos terán que presentarse xustificantes dos gastos efectivamente realizados na manutención ordinaria das persoas desprazadas.

Igualmente establecécese como límite máximo de contía por día a contía prevista para o persoal con destino na Administración Autonómica de Galicia para o Grupo 2º.

Na participación en eventos no estranxeiro percibiránse os gastos documentados até o límite das indemnizacións legalmente establecidas para o Grupo 2º de empregados públicos que teña establecidas a Administración central para estes supostos.

No suposto excepcional de eventos organizados por FARNET (Rede Europea de Zonas de Pesca), ou por organismo europeo ou nacional de entidade equivalente, poderase exceder o límite de custo de hotel, sempre que este servizo estea previamente concertado pola





Prioridade 4. O.T 8. O.E. 4 a) e b) Articulo 60.1 y 63 FEMP  
Aplicación de EDLP. Proxectos financiados polos GALP (incluídos os custos de funcionamento e animación)  
Actuación cofinanciada polo FEMP nun 85%

propia organización.


Só serán elixibles os gastos incorridos nos días de hospedaxe que se correspondan cos de celebración do evento, así como nos días estritamente necesarios para o desprazamento.

Toda anotación contable por razón de desprazamento, hospedaxe e manutención na folla de gastos, excepto a correspondente aos consumos derivados do uso do vehículo particular (que se calculan a razón de 019€/km), deberá ter a súa correspondencia nunha factura, recibo ou documento probatorio de valor equivalente.

Santiago de Compostela,  
A directora xeral

Susana Rodríguez Carballo





Prioridade 4. O.T 8. O.E. 4 a) e b) Articulo 60.1 y 63 FEMP  
Aplicación de EDLP. Proxectos financiados polos GALP (incluídos os custos de funcionamento e animación)  
Actuación cofinanciada polo FEMP nun 85%

## ANEXO I

**CONVENIO DE COLABORACIÓN NA ZONA DE PESCA \_\_\_\_\_ ENTRE A ASOCIA-  
CIÓN GRUPO DE ACCIÓN LOCAL DO SECTOR PESQUEIRO  
E A ASOCIACIÓN  
PARA O FOMENTO DO LIDERAZGO E  
PARTICIPACIÓN DAS MULLERES PROFESIONAIS DO MAR E A CREACIÓN DE REDES ASO-  
CIATIVAS NO PERÍODO DE PROGRAMACIÓN 2014-2020 E COA COFINANCIACIÓN DO  
FONDO EUROPEO E MARÍTIMO E DE PESCA (FEMP)**

### COMPARÉCEN

Dunha parte, o Grupo de Acción Local do Sector Pesqueiro, Asociación .....  
....." (en adiante, GALP) con sede ....., concello de .....,  
código postal ....., provincia ....., e con número de identificación fiscal  
....., representado polo/a seu/súa presidente/a, ....., nomeado/a por acordo do órgano competente da asociación segundo os seus Estatutos, e facultado para a sinatura deste convenio polo artigo ..... dos seus Estatutos.

E doutra, a Asociación ....."( en adiante Asocia-  
ción) con sede ....., concello de ....., código postal ....., provin-  
cia ....., e con número de identificación fiscal ....., representado pola sua  
presidenta, ....., nomeada por acuerdo do órgano competente da aso-  
ciación segundo os seus Estatutos, e facultado para a sinatura deste convenio polo artigo  
..... dos seus Estatutos.

As dúas partes se recoñecen mutuamente a capacidade xurídica legal para obrigarse en  
dereito e subscribir o presente Convenio de Colaboración.

En , .....

### EXPOÑEN

#### PRIMEIRO

Que o Regulamento (UE) nº 1303/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, do 17 de decembro de 2013, polo que se establecen disposicións comúns relativas ao Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional, ao Fondo Social Europeo, ao Fondo de Cohesión, ao Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural e ao Fondo Europeo Marítimo e de Pesca (FEMP), e polo que se establecen as disposicións xerais relativas ao Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional, ao Fondo Social Europeo, ao Fondo de Cohesión e ao Fon-





Prioridade 4. O.T 8. O.E. 4 a) e b) Artícuo 60.1 y 63 FEMP  
Aplicación de EDLP. Proxectos financiados polos GALP (incluídos os custos de funcionamento e animación)  
Actuación cofinanciada polo FEMP nun 85%

do Europeo e Marítimo e da Pesca, e se derroga o Regulamento (CE) nº 1083/2006, do Consello, establece no Título III, Capítulo II que o Desenvolvemento Local Participativo (DLP) levarase a cabo a través de estratexias de desenvolvemento local integradas, multi-sectoriais e baseadas en zonas.

## SEGUNDO

Que o Regulamento (UE) 508/2014 (UE) nº 508/2014 do Parlamento Europeo e do Consello, do 15 de maio de 2014, relativo ao Fondo Europeo Marítimo e da Pesca, e polo que se derrogan os Regulamentos (CE) nº 2328/2003, (CE) nº 861/2006, (CE) nº 1198/2006 e (CE) nº 791/2007 do Consello, e o Regulamento (UE) nº 1255/2011 do Parlamento Europeo e do Consello, establece nos artigos 58 a 64 o desenvolvemento sostenible das zonas pesqueiras e acuícolas.

## TERCEIRO

Que o Regulamento (UE) nº 1303/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, do 17 de decembro de 2013, polo que se establecen disposicións comúns relativas ao Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional, ao Fondo Social Europeo, ao Fondo de Cohesión, ao Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural e ao Fondo Europeo Marítimo e de Pesca (FEMP) establece no seu artigo 7º a promoción da igualdade entre homes e mulleres e a non discriminación.

## CUARTO

Que o Programa Operativo de España para o FEMP aprobado por decisión de execución da Comisión de 13.11. 2015 C(2015) 8118 final, contempla no seu apartado 9.1 a adopción de medidas que permitan reforzar a toma de conciencia e incremento do interese das mulleres por asociarse, a nivel rexional e autonómico. Establece igualmente que se adoptarán aquellas medidas que permitan aumentar o liderazgo e participación das mulleres nas zonas pesqueiras. Destacando a este respecto que se dará apoio ao asociacionismo feminino e a creación dunha organización de mulleres profesionais do mar de carácter nacional que favoreza a súa representatividade a todos os niveis.


## QUINTO

Que o ....de .... de 201.. o GALP asinou convenio de colaboración coa Consellería do Mar da para a aplicación das estratexias de desenvolvemento local participativo no marco do desenvolvemento sostenible das zonas de pesca do Fondo Europeo Marítimo e da Pesca.

## SEXTO

Que polo exposto, as partes acordan celebrar o presente Convenio de Colaboración subscreibíndoo conforme as seguintes:





Prioridade 4, O.T 8, O.E. 4 a) e b) Articulo 60.1 y 63 FEMP  
Aplicación de EDLP. Proxectos financiados polos GALP (incluídos os custos de funcionamento e animación)  
Actuación cofinanciada polo FEMP nun 85%

## CLÁUSULAS

### PRIMEIRA.- FINALIDADE DO CONVENIO

O GALP e a Asociación subscriben o presente Convenio de Colaboración para:

- Reforzar a toma de conciencia e incremento do interese das mulleres profesionais do mar por asociarse, a nivel rexional, autonómico, estatal e europeo.
- Aumentar o liderazgo e participación das mulleres profesionais do mar nas zonas pesqueiras.
- Apoiar ao asociacionismo feminino e a creación dunha organización de mulleres profesionais do mar de carácter nacional que favoreza a súa representatividade a todos os niveis.
- Capacitar á asociación e a súas socias para implantación do desenvolvemento local participativo na zona pesqueira.

### SEGUNDA.- DURACIÓN

O presente Convenio de Colaboración entrará en vigor o día da súa sinatura e manterá a súa vixencia ata o 31 de decembro de 2020.

Poderá ser prorrogado por acordo das dúas partes.

### TERCEIRA.- DEREITOS DA ASOCIACIÓN

A Asociación ten dereito á percibir no primeiro semestre de cada ano como mínimo o importe fixado no Anexo A deste convenio

### CUARTA.- OBRIGAS DE ASOCIACIÓN

A Asociación deberá difundir a colaboración do GALP no desenvolvemento sostible das zonas de pesca.

A Asociación presentara anualmente unha memoria explicativas das accións desenvoltas.

### QUINTA.- SOLUCIÓN DE CONFLICTOS

Ambas as dúas partes comprométense a resolver de maneira amigable calquera desacordo que poida xurdir no desenvolvemento desde convenio. No caso de cuestións litixiosas, estas se someterán ao coñecemento da xurisdición civil, renunciando expresamente o





XUNTA DE GALICIA  
CONSELLERÍA DO MAR  
Dirección Xeral  
de Desenvolvemento Pesqueiro

galicia



Unión Europea  
Fondo Europeo  
Marítimo e de Pesca  
(FEMP)

Prioridade 4. O.T 8. O.E. 4 a) e b) Articulo 60.1 y 63 FEMP  
Aplicación de EDLP. Proxectos financiados polos GALP (incluídos os custos de funcionamento e animación)  
Actuación cofinanciada polo FEMP nun 85%

Grupo de Acción Local do Sector Pesqueiro e a Asociación a calquera outro foro que puidese corresponderles.

En proba de conformidade co que antecede, asínase este convenio por duplicado no lugar e data sinalados ao principio

Asinado por:

Presidente/a do GALP


Presidenta da asociación

#### ANEXO A

#### FINANCIAMENTO MÍNIMO ANUAL COA COFINANCIACIÓN DO FONDO EUROPEO MARÍTIMO E DE PESCA (FEMP)

ASOCIACIÓN	NIF	IMPORTE ANUAL (€)





Prioridade 4, O.T 8, O.E. 4 a) e b) Articulo 60.1 y 63 FEMP  
Aplicación de EDLP. Proxectos financiados polos GALP (incluídos os custos de funcionamento e animación)  
Actuación cofinanciada polo FEMP nun 85%

## ANEXO II MODELO DE PETICIÓN

A Asociación .....( en adiante Asociación) con sede ....., concello de ....., código postal ....., provincia ....., e con número de identificación fiscal ....., representado por ....., en calidad de.....

A entidade é unha asociación:  Lei orgánica 1/2002  Profesional

O ámbito territorial da asociación é o seguinte:

A finalidade da asociación é:

Número de socios en total e número de mulleres que pertencen ao sector pesqueiro:

A entidade SOLICITA o apoio do GALP ....., ao abeiro dun convenio de colaboración, para realizar/participar en actividades que potencien o papel da muller no sector pesqueiro a través do traballo en rede, e que teñan o seguintes obxectivos:

- Aumentar o liderado e a participación das mulleres profesionais do mar nas zonas pesqueiras.
- Aumentar a representatividade das mulleres dentro do sector pesqueiro mediante o asociacionismo, creando/participando unha organización de mulleres profesionais do mar de maior entidade que favoreza a súa representatividade a todos os niveis.





Prioridade 4. O.T 8. O.E. 4 a) e b) Articulo 60.1 y 63 FEMP  
Aplicación de EDLP. Proxectos financiados polos GALP (incluídos os custos de funcionamento e animación)  
Actuación cofinanciada polo FEMP nun 85%


- Aumentar a visibilidade e recoñecemento social, potenciando o asociacionismo, o intercambio de experiencias e melloras prácticas entre organizacións, incluíndo as adicadas a promover a igualdade de oportunidades.
- Capacitar a asociacións e socias para incrementar a súa intervención na comunidade e no desenvolvemento das zonas de pesca.

Breve memoria das actividades a realizar e período de tempo:

En ..... , a ..... de ..... 20....

A presidenta/e





Prioridade 4, O.T 8. O.E. 4 a) e b) Articulo 60.1 y 63 FEMP  
Aplicación de EDLP. Proxectos financiados polos GALP (incluídos os custos de funcionamento e animación)  
Actuación cofinanciada polo FEMP nun 85%

### ANEXO III

**Listaxe de verificación da elixibilidade do gasto baixo o concepto: "Traballo en Rede"**  
*(todas as respostas deben ser positivas)*

**A) TIPO DE ENTIDADE QUE SE INTEGRA NA REDE**

1) É unha asociación da Lei Orgánica 1/2002 ou é unha asociación profesional?

SI...

NON....

2) A entidade é socia do GALP ou, alternativamente, foi identificada formalmente pola directiva do GALP como representante territorial idónea na Rede de Traballo de que se trate?

SI...

NON....

**B) VINCULACIÓN DIRECTA E ACTIVA CO SECTOR** (*a resposta deben ser positiva*)

3) Está a entidade formada maioritariamente por persoas en activo pertencentes a algún colectivo profesional do sector pesqueiro?

SI...

NON....

**C) NATUREZA DA ACTIVIDADE QUE SE PROPÓN FINANCIAR**

4) A actividade proposta, está claramente dirixida á participación en redes formais ou informais a nivel galego, estatal ou internacional?

SI...

NON....

5) Na actividade proposta, está xustificado o seu impacto positivo na entidade e nas persoas asociadas?

SI...

NON....

6) A actividad proposta ¿é susceptible de visibilizar ás mulleres profesionais do sector do GALP?

SI...

NON....





XUNTA DE GALICIA  
CONSELLERÍA DO MAR  
Dirección Xeral  
de Desenvolvemento Pesqueiro

galicia



Unión Europea  
Fondo Europeo  
Marítimo e de Pesca  
(FEMP)

Prioridade 4. O.T 8. O.E. 4 a) e b) Articulo 60.1 y 63 FEMP  
Aplicación de EDLP. Proxectos financiados polos GALP (incluídos os custos de funcionamento e animación)  
Actuación cofinanciada polo FEMP nun 85%

7) A rede de que se trata, incide con claridade nos obxectivos e prioridades descritos no FEMP, na estratexia do P.O do FEMP ou describidos na EDLP do seu territorio?

SI...

NON....

Asinado por: RODRIGUEZ CARBALLO SUSANA  
Cargo: Directora xeral de Desenvolvemento  
Pesqueiro  
Data e hora: 06/07/2016 15:12:01

CVE: 98924219-cc41-4121-b689-4cd9e964d80c  
Verificación: <https://sade.xunta.es/cve>

